

Vicente Peña Saavedra *

As escolas que viñeron de alén mar (Galicia, ss. XVII-XXI). Algunhas réplicas dende terras lusas **

R E S U M O

Neste artigo realízase unha apertada síntese dos resultados das investigacións desenvolvidas nos últimos anos no tocante ás intervencións na área escolar dos emigrantes galegos transoceánicos. Nalgunhas pasaxes do discurso establécense, asemade, paralelismos coa actuación no mesmo ámbito das xentes de Galicia asentadas en Portugal. O traballo permite concluír que dende o abrente do século XVII ata a actualidade os galegos de América no deixaron de intervir no campo do ensino nas súas localidades de orixe e destino, xa fose de maneira individual ou colectiva. A acción dos ausentes neste dominio contribuíu de xeito decisivo á institucionalización, espallamento e modernización da oferta escolar na comunidade galega, principalmente durante o primeiro tercio do pasado século.

No amplo e heteroxéneo mosaico das afinidades entre Galicia e a rexión norte de Portugal, a secular emigración transoceánica ostenta un lugar moi salientable pola súa fasquía, as derivacións que presenta e os seus perfís configuradores. Trátase nun e noutro caso, como ben se sabe, dun fenómeno procesual de longa duración, que rexistra notables oscilacións no seu devir temporal ata adquiri-la condición de corrente humana de masas e que, como non podía ser doutro xeito, amosa múltiples implicacións e suscita valoracións non sempre coincidentes, segundo os observadores coetáneos ou afastados que a ela se achegan e tamén os observatorios dende os cales a analizan. En suma, atopámonos perante unha realidade complexa e plural que precisamente en razón destas dúas propiedades reclama unha abordaxe sectorializada por parte dos especialistas ou entendidos nas áreas de saber nas que tematicamente se encadra e das que é obxecto a efectos cognitivos. Deste feito xa se decataron no seu día os publicistas clásicos e na actualidade ninguén o somete a cuestionamento. Pero a súa asunción pola comunidade investigadora require o ensaio doutros estilos de traballo que, como corolario práctico, deberán traducirse nunha maior e máis fecunda interdisciplinidade, que reverta, pola súa banda, nun coñecemento do fenómeno máis fondo, rico e minucioso.

Dende estas coordenadas limiares, que constitúen asemade unha declaración de intencións e un posicionamento epistemolóxico, quixeramos chamar a atención verbo de que dentro dese cúmulo de consecuencias ou implicacións que da emigración transoceánica

* Universidade de Santiago de Compostela. Departamento de Teoría e Historia da Educación. Professor Titular.

** Neste artigo recóllese, ampliado e acompañado do oportuno aparato crítico, o contido do relatorio que presentamos o día 13 de setembro de 2002 no III Curso de Verão. *História contemporânea: rumos da investigação e da didáctica*, organizado polo Instituto de História Contemporânea da Faculdade de Letras da Universidade de Porto.

—aunque no só desta variante— se desprenden e que teñen merecido unha atención máis reiterada e sostida por parte dos expertos e tamén dos columnistas de prensa, atópanse as concernentes á esfera educativa. No plano científico, estas viñeron sendo merecentes da esculca e pescuda principalmente dos historiadores da educación dende hai arredor de dúas décadas, recibindo demais un tratamento territorial e sectorial moi dispar¹.

Somos plenamente conscientes de que non podemos examinar aquí, nin sequera dun xeito superficial, a totalidade de vectores e segmentos que o asunto encerra, porque el mesmo maniféstase como unha totalidade mesta e irisada na que conflúen problemáticas susceptibles de consideración monográfica e particular². Por iso, neste artigo limitáremonos a render conta sucinta da expresión na que atopa a súa forma concreta e máis acaída a dimensión educativa do éxodo, como é a tocante á intervención escolar dos ausentes.

Antes de entrar en materia e para esvaecer xa dende o comezo o que puideran ser falsas expectativas respecto do contido e enfoque do presente artigo, debemos manifestar que non vamos incorrer na temeridade ou na ousadía de analizar en paralelo, nin moito menos en clave comparativa, as analoxías e diverxencias entre a intervención escolar dos emigrados galegos e a dos portugueses. E isto fundamentalmente por dúas razóns: a primeira, por carecer dos datos requiridos para facelo, no que atinxe ó caso de Portugal; e a segunda, porque todo semella indicar que resulta inviable esa tarefa nestes momentos, aínda recorrendo ás contribucións doutros autores, posto que consonte se ten recoñecido en datas recentes, a estas alturas está por face-lo reconto e por elabora-lo con seguinte estudio totalizador das escolas ofrecidas ó Estado luso polos *brasileiros* e das re-xentadas directamente por eles³. Agardamos, pois, a conclusión dese indispensable traballo previo e facemos pública dende aquí a nosa invitación e dispoñibilidade para unha posterior investigación de enfoque comparado que, con seguranza, nos desvelará non poucas analoxías arrequedeiras do caudal de afinidades invocado ó principio. Entrementres, ocupáremonos da experiencia protagonizada polos galegos, tema no que felizmente se ten avanzado de forma decisiva na década de fin de século, por máis que sexa necesario recoñece-la persistencia de ocos e áreas escuras que cumprirá encher de contido e alumear de maneira meridiana nos anos vindeiros⁴. Así e todo, por motivos obvios, non renunciamos a realizar puntuais e esporádicas mencións ó contexto portugués cando as circunstancias o aconsellen e os nosos coñecementos o permitan. Tampouco omitiremos, cando proceda, as referencias precisas reveladoras dun mimetismo comportamental entre a emigración galega transoceánica e a intrapeninsular, con atención especial á radicada en territorio portugués.

Feitas estas consideracións introductorias e demarcativas, estamos xa en condicións de adentrármonos de cheo no tema que nos ocupa.

Indicaremos de primeiras, que posiblemente por mor da compulsiva influencia deturpadora do presentismo e polo forte impacto da torrencial emigración transoceánica da pasada centuria —tan fresca e viva na memoria inmediata do común, da que non se pode subtraer tampouco a racionalidade científica—, durante algún tempo, cando se falaba da

¹ Un elenco de publicacións ó respecto pode consultarse en PEÑA SAAVEDRA, 2001.

² Á multiplicidade de vertentes que o tema ofrece fixemos un achegamento en diversas pasaxes dun traballo anterior, PEÑA SAAVEDRA, 1991: vols. I e II. Tamén resulta de grande utilidade para esta cuestión o suxestivo texto de GABRIEL, 1985.

³ FELGUEIRAS, 2000.

⁴ PEÑA SAAVEDRA, 1996 e 2001.

intervención escolar dos emigrantes galegos, adoito advertíase unha certa proclividade a inserir esta práctica socioeducativa de maneira case exclusiva na época contemporánea e a emprazala unicamente nos espazos emisores da emigración. Hoxe en día, estamos en condicións de afirmar –en contra dos pareceres intuitivos de outrora e do cegante espellismo do máis achegado– que segundo se desprende dos resultados das investigacións realizadas ata o momento, atopámonos diante dun fenómeno dos catalogables en termos braudelianos como estrutural ou de longa duración, que abrangue un intervalo temporal inconcluso, a piques de cumpri-los catro séculos de vixencia, e que rexistra manifestacións de seu non só nos lugares de partida senón tamén nos principais enclaves de asentamento dos emigrados, tanto alén mar como aquí do Atlántico. No transcurso deste vasto percorrido, a dita intervención presenta dúas variantes de aparición sucesiva que acabarán tendo coexistencia simultánea. A primeira delas é máis vedraña de iniciativa e titularidade individual. E a segunda é máis serodia de promoción colectiva. Aquela orientada maiormente, con moi contadas excepcións, cara ó territorio galego. E esta última esgazada contra os dous espazos de emprazamento da comunidade escindida: as cidades da diáspora e as parroquias da metrópole.

A variante individual: filantropía e remesas escolares dos *indianos* galegos

Os protagonistas da variante de intervención individual foron os popularmente coñecidos co xentilicio común dos *indianos*. Nome xenérico que no seu día nós mesmos escollemos para designar ós artífices desta modalidade de actuación e diferencialos a efectos analíticos dos axentes responsables da colectiva, a fin de evita-las confusións terminolóxicas que se viñan prodigando tanto na produción científica sobre o tema como máis aínda na divulgativa⁵.

Como indicamos con anterioridade, o protectorado docente dos *indianos* polarizouse onda os seus lugares de procedencia, tendo como principais beneficiarios ós conveciños neles residentes. Debemos subliñar así e todo, que houbo tamén *indianos* que investiron parte dos seus capitais na creación, dotación e sostemento de centros escolares nos respectivos puntos de destino, pero este tipo de accións filantrópicas rebordan o ámbito simbólico do que demos en denominar *os espazos da galeguidade*⁶ e, por conseguinte, non estimamos pertinente ocuparnos delas aquí, xuntándoas de maneira indiferenciada coas primeiras, cando en realidade posúen propiedades e trazos diferenciais que lles confiren unha identidade específica.

En canto ó labor despregado na área educativa polos *indianos* citados en primeiro lugar, aínda sabemos pouco. Ou para ser máis precisos, do mesmo xeito que ocorre en Portugal, carecemos dun padrón exhaustivo dos mesmos e das súas contribucións. Contamos, iso si, con algunhas monografías antigas e modernas de desigual calidade e extensión tocante a fundacións, remesas ou legados concretos. Como tamén dispoñemos dalgunhas achegas de carácter sectorial ou mesmo elaboradas con pretensións globalizadoras –se ben sempre baixo o criterio da eventualidade susceptible de superación– verbo do tema, ás que modestamente pensamos ter cooperado no seu momento nalgunha medida⁷; pero tanto unhas coma as outras demandan con presteza unha

⁵ PEÑA SAAVEDRA, 1991: vol. I, 288-293.

⁶ As áreas de asentamento e os ámbitos de relación e sociabilidade dos galegos no exterior, pero dentro do seu propio círculo étnico, sustentado en vínculos de paisanaxe.

⁷ PEÑA SAAVEDRA, 1991: vol. I, 299-351.

ampliación e actualización, fornecedoras dunha imaxe máis completa e fiel do que representou este tipo de accións, tanto en termos cuantitativos como cualitativos.

Xa que logo, coa medida e as reservas que nos imponen a provisionalidade dos rexistros e a fragmentariedade dos datos dispoñibles ata o momento, podemos afirmar que esta variante interventora de carácter individual principia a tomar corpo aló polo ano 1607 e permanece en activo ata os nosos días⁸, anque transitando por ciclos decadentes e mesmo ermos en realizacións no seu plurisecular percorrido⁹. Polo que sabemos, tamén en Portugal, e máis concretamente en Porto, se rexistran alomenos xa dende o século XVII doazóns de brasileiros para o sostemento de institucións educativas, asistenciais e de acollida coma o *Colégio dos Meninos Órfãos*¹⁰.

Non faremos mención agora dos nomes daqueles *indianos* que exerceron o seu mecenado nos últimos tempos¹¹; algúns, nestes anos de transición do século XX ó XXI. Pero si quixeramos citar a un persoeiro singular, seguramente coñecido por moitos dos lectores destas páxinas, que seguiu o ronsel dos precursores, dende unha peculiar peripecia migratoria – neste caso intrapeninsular – de ida e volta, con notables e variadas ramificacións económicas intercontinentais. Trátase do empresario de estirpe galega Manuel Cordo Boullosa (Lisboa, 1905-2000), considerado o *rei do petróleo luso*, principal fonte xeradora da súa riqueza, que compartiu con outros moitos negocios en ramos tan diversos como a banca, a hostalería, o mundo editorial, etc., ata rexentar en conxunto máis de 30 empresas. Nacido na capital deste país, segundo vimos de indicar, cando tiña un ano trasladouse a Galicia, onde viviu ata que cumpriu os oito, regresando logo ó lugar de orixe. Estes primeiros anos da infancia marcarán de forma decisiva e permanente a ligazón de Cordo Boullosa coa terra parroquial dos seus ascendentes (Santa María de Caritel – Pontecaldelas, Pontevedra), á que lle deu sobradas mostras do seu apego afectivo, da súa xenerosidade e do compromiso coa modernización e o progreso daquela pequena freguesía. Ademais de outras moitas achegas nas áreas agroeconómica, social e cultural, no eido académico custeou, primeiro, a escola unitaria do pobo e, máis tarde, contribuíu á construción do grupo escolar de Pontecaldelas, ó tempo que lles sufragou bolsas para realizar estudos no estranxeiro ós mozos e mozas do lugar. O Goberno da Comunidade Autónoma agasallouno coas súas máximas distincións: a medalla Castelao (1991) e a medalla de ouro de Galicia a título póstumo (2000). Manuel Cordo tamén fixo gala do seu mecenado entre os galegos residentes en Lisboa, adquirindo e acondicionando para sede do seu Centro un fermoso palacete situado na Rúa Julio Andrade. E aínda estendeu a súa filantropía onda o continente africano, no que promoveu asemade a construción de varias escolas¹².

Cómpre engadir, por outra banda, que con anterioridade a Cordo Boullosa outros galegos radicados en Portugal fixeran partícipes das súas fortunas por medio de obras

⁸ O primeiro indiano do que temos referencias documentais de que exerceu a filantropía docente en Galicia foi Domingo de Araújo Ferraz, quen procedía de Vilanova dos Infantes (Celanova – Ourense) e radicouse no Potosí (Bolivia), onde deixou unhas posesións estimadas en 130.000 ducados para erixir o convento de Santo Domingo de Ourense e outros 7.000 para custear os estudos universitarios dos seus parentes. Máis información sobre os indianos precursores do século XVII pode atoparse en PEÑA SAAVEDRA, 1999.

⁹ PEÑA SAAVEDRA, 1991: vol. I, 309-318; PEÑA SAAVEDRA, 1995-1996: 314-315.

¹⁰ ALVES, 1994: 39-40 e 319.

¹¹ Remitimos a PEÑA SAAVEDRA, 2000 e 2002.

¹² *Gallegos en el mundo*, 1994: 182-183; FERRO RUIBAL, 2000; *Gallegos en Lisboa. La otra Galicia desconocida*, 2000; <http://www.caritel.net>

docentes ás localidades de onde proviñan. Tales son, a xeito de mínima mostra ilustrativa, os casos de Agapito Serra Fernández, quen dende Lisboa vehicula o seu protectorado escolar onda San Martiño de Barcia de Mera (O Covelo – Pontevedra) ou de Rosendo Fernández Alonso, quen dende Porto dirixe as súas remesas cara a A Gándara – San Mamede de Guillarei (Tui – Pontevedra), onde erixiu un magnífico edificio para o desenvolvemento de actividades educativas. A obra benefactora destes doantes está datada nas décadas auroras do século XX.

Esta situación que atopamos en Portugal, resulta paradigmática polas súas analoxías respecto do que ocorre coa emigración transoceánica no ámbito da filantropía académica. En ámbolos dous contextos se aprecia a continuidade no tempo dunha tradición de raizame remota e permanencia pluricentenaria que, como queda dito, mantense viva ata os nosos días.

Volvendo de novo á visión panorámica na que antes nos situamos e acoutando as consideracións que de seguido faremos de maneira exclusiva ás xentes da corrente ultramarina, podemos adiantar –coas reservas xa sinaladas– que o número de fundacións docentes e de remesas escolares de orixe indiana escrutadas ata este momento en Galicia supera xa folgadoamente o cento, pero é moi probable que o seu volume real fose aínda superior a estas cifras. De calquera maneira, esta apreciación deberá ser sometida a contraste no futuro, para a súa validación ou refutación, de acordo cos resultados que nos ofrezan os estudos que xa se atopan en proceso de execución e aqueles outros que confiamos se emprendan nos vindeiros anos.

De maneira semellante ó que ocorre noutras rexións españolas¹³, o ciclo de maior ferventía fundacional enmárcase nos anos postremeiros do século XIX e o tercio auroral do século XX. E o treito máis decadente e regresivo localízase nos tres primeiros cuartos da centuria decimonónica, intervalo este no que se suceden de forma case encadeada e, nalgunhas ocasións, mesmo se superpoñen no tempo unha serie de acontecementos que ocorren cunha certa sincronía nos territorios onde emerxe e se consuma, respectivamente, o mecenado dos *indianos*. Entre os acontecementos localizados en territorio peninsular pódense enumerar: a Guerra da Independencia de 1808 a 1814 e as posteriores Guerras Carlistas (1834, 1847 e 1872), a crise política e financeira do réxime de Fernando VII (1813-1833) e, cunha incidencia moi especial tanto directa e inmediata –sobre as fundacións xa existentes– como virtual e diferida –sobre os doantes potenciais e as súas continxentes achegas–, o proceso desamortizador (1835-37 e 1855), coas súas derivacións no tocante á prohibición de inmovilizar a propiedade territorial. E entre as circunstancias e incidencias que teñen o seu epicentro no Continente americano, anque con sólidos alicerces no escenario xeográfico da metrópole, cabe salientar principalmente a emancipación da maioría das antigas colonias hispanas de Ultramar (1809-1826), feito que contribúe a xerar un clima de inseguridade, incerteza e desacougo que propicia a contracción dos fluxos migratorios e dificulta o relevo xeracional dos antigos filántropos, nunha conxuntura polo demais moi desfavorable para amasar grandes ou medianas fortunas e transferilas ó lugar de procedencia.

Pola contra, o rexurdimento expansivo do mecenado docente dos *indianos* encádrase nunhas coordenadas nas que conflúen, entre outros, os seguintes feitos: o paseniño

¹³ PEÑA SAAVEDRA, 1999a.

esvaeamento do temor que noutrora suscitara a desamortización, o éxodo torrencial do período de entreséculos e o enriquecemento dalgúns dos seus efectivos humanos, a progresiva sensibilización que se aprecia entre os emigrados no tocante ó valor da instrución, a acción mentalizadora que despregan as elites cultas procedentes de Galicia dentro do seu grupo étnico e o cambio estrutural que experimenta o movemento migratorio transoceánico, pasando de ter carácter de expatriación permanente ou prolongada a adquirir a condición de estadía temporal con expectativas de retorno, o que evita ou contén o desarraigo definitivo da patria nativa¹⁴.

Como se pode inferir do noso discurso anterior, ata aquí viñemos considerando as fundacións docentes e remesas escolares dos *indianos* como unha realidade unitaria e homoxénea. Sen embargo, a estas alturas do traballo convén matizar que as contribucións ó mundo do ensino efectuadas por estes doantes presentan unha grande heteroxeneidade no que atinxe á súa dotación económica, ó seu reparto sectorial e ó seu destino concreto. Polo que fai á súa dimensión financeira, malia á frecuente imprecisión, contradicción e incorrección dos testemuños informativos, atopámonos cun panel de achegas que abrangue dende moi módicas partidas para a compra de material escolar ou a instauración de premios, ata cuantiosos legados para a implantación e o sostemento de varios establecementos académicos. En canto á súa distribución sectorial e destino, tivemos ocasión de constatar que dunha mostra de 84 doazóns que no seu día escrutamos polo miúdo, deriváronse 129 realizacións escolares distintas, a meirande parte delas cinguidas ó nivel do ensino primario ou elemental, sen dúbida por mor da pobreza e precariedade dos equipamentos do dito nivel na Galicia rural do momento e pola funcionalidade percibida nas destrezas que a escola podía subministrarlles a cantos a ela concorresen¹⁵.

Finalmente, habería que facer unhas breves consideracións verbo dos móbiles que puideron impulsar ós *indianos* á intervir no campo escolar. Somos da idea, concordante coa de outros estudiosos desta materia¹⁶, que resulta verosímil aducir dous grupos de factores explicativos do seu comportamento. Uns, comúns para todos eles e permanentes no tempo, se ben postos ó día consonte as particularidades e vicisitudes de cada momento. Outros, específicos e variables segundo os individuos e as épocas. Entre os primeiros cabe citar: unha estimación valorativa de signo positivo acerca da educación e das súas potenciais propiedades benéficas, así como unha tendencia filantrópica, altruísta e caritativa nestes próceres que degoiraban ofrecerlles ós seus coparroquianos, e principalmente ós máis novos, as oportunidades e os medios de preparación dos que eles careceran. E entre os segundos, habería que mencionar: a devoción relixiosa, que medra a medida que recuamos no tempo e, á inversa, mingua conforme avanzamos onda o presente; as expectativas de rendibilización social, económica e/ou espiritual da contribución realizada; o desexo de inmortalizarse na memoria común dos seus conveciños, xunto coa esperanza de retorno simbólico ó lugar de partida cando xa resultaba impracticable o regreso físico en vida; e, se acaso tamén, o afán de chufa e ostentación diante dos seus, facéndoos así partícipes do trunfo persoal na saída polo mundo. Calquera que fosen as motivacións concretas que uns ou outros tivesen, o que acreditan tódalas con-

¹⁴ Para un tratamento máis polo miúdo, PEÑA SAAVEDRA, 1991: vol. I, 312-315.

¹⁵ PEÑA SAAVEDRA, 1991: vol. I, 318-323 e PEÑA SAAVEDRA, 1991: vol. II, 361-387.

¹⁶ URÍA, 1984; TERRÓN e MATO, 1992.

tribucións dos *indianos* ó sector docente –o mesmo que outras doazóns que fan ós pagos de orixe con destino a outras áreas– é a continuidade dos vínculos de engarzamento coa Terra de procedencia, tan fortes e firmes que nin o paso do tempo, nin a lonxanía, nin a riqueza son capaces de quebrar, amolecer ou debilitar.

Exposta a grandes trazos a variante de intervención escolar individual dos ausentes, cómpre que nos ocupemos agora da segunda xa enunciada, que adopta a forma de intervención colectiva. Para que esta modalidade máis serodia chegue a tomar corpo, terá que substanciarse previamente outro proceso de grande relevo e notable transcendencia, tanto para a Galicia emigrada como para metropolitana, polas consecuencias que para unha e a outra terá co paso dos lustros. Estámonos a referir á articulación comunitaria dos galegos nos enclaves de destino, baixo a fórmula do denominado asociacionismo étnico.

A variante colectiva: asociacionismo étnico e educación

O agromar deste proceso organizativo dos galegos fóra da súa terra arranca xa das décadas centrais do século XVIII, coincidindo co pulo que por entón experimentan tanto a emigración intrapeninsular como a ultramarina. A auroral práctica integradora vai proseguir de maneira descontínua, na súa primeira xeira, ata o abrente do XIX. Neste treito de duración media, que se insire historicamente no Antigo Réxime e na etapa colonial, xorden nas Indias occidentais diversas corporacións de tipo patronal-relixioso como a *Real Congregación del Apóstol Santiago* (México, 1768), a *Congregación Nacional del Glorioso Apóstol Santiago el Mayor de Naturales y Originarios del Reyno de Galicia* (Bos Aires, 1787), e a *Santa Hermandad de Santiago el Mayor, Patrón de las Españas* (A Habana, 1804), posiblemente todas elas –e algunhas outras– filiais da *Real Congregación Nacional de Naturales y Originarios del Reyno de Galicia*, constituída en Madrid en 1740.

Con todo, haberá que agardar ata a década dos 70 do século XIX para que a dinámica de vertebración comunitaria dos galegos alén mar prenda, se afiance e acade continuidade sostida, chegando ata os tempos actuais, do mesmo xeito que ocorre co asociacionismo galaico intrapeninsular, do que temos tamén algúns exemplos en Portugal.

Os modelos organizativos que lles serven de matriz ós galegos no exterior concordan coas principais unidades de asentamento, nuclearización territorial e sociabilidade que posúen na metrópole, as cales trasládanse simbolicamente e recreáanse de forma mimética en terras transoceánicas e nalgúnhas ocasións, anque en moita menor contía, fano asemade en espacio luso, seguindo as pautas e atendendo ós chamamentos procedentes de alén mar ou da Terra. De acordo con este criterio integrador, os emigrantes galegos artículanse de xeito estable e con propósitos de perdurabilidade en entidades de tres niveis diferenciados que van aparecendo no transcurso dunha singradura sucesiva, que se prolonga unhas catro décadas, ata que logo os tres niveis logran coexistir de xeito simultáneo.

O primeiro nivel corresponde ás Sociedades de dominio *macroterritorial*, que acollen e incorporan ós ausentes de todo o país, con independencia do lugar concreto de onde proveñan. O segundo ás de cobertura *microterritorial* ou local, con distintas gradacións internas que van en progresión ascendente dende a aldea ata a comarca. E o terceiro, intermedio entre os outros dous, é o propio das Sociedades de alcance *mesoterritorial* ou provincial.

Na orde do tempo, as primeiras institucións que toman corpo son as de ámbito *macroterritorial*. E a primeira delas segue aínda hoxe en día en activo. Trátase da *Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia*, que se acordou fundar na Habana o día

31 de decembro de 1871. Con ela comeza a historia, propiamente dita, do asociacionismo galego en América, toda vez que as iniciativas anteriores encádranse máis ben na etapa preconfigurativa ou protohistórica da organización comunitaria dos galegos ausentes.

De tódalas agrupacións pertencentes ó nivel macroterritorial, as de máis sona, representatividade e influencia foron os *Centros Galegos*. Os tres primeiros quedaron constituídos –e non de forma fortuíta ou accidental– durante o mesmo ano de 1879 en Bos Aires, Montevideo e A Habana. Coa creación destes tres Centros, fan a entrada nos anais do asociacionismo étnico de estirpe galega no exterior as *Sociedades de Instrucción e Recreo*, pois ámbolos dous eran os cometidos primordiais, nas súas orixes, destes organismos, aínda que co paso do tempo algún dos Centros irá incorporando outras prestacións, como a atención sanitaria, que contribuiría a asegura-la súa permanencia e a atavialo de grande prestixio e sona no universo da galeguidade.

Polo que fai a Portugal –se se nos permite de novo unha pequena digresión–, o *Centro Galego de Lisboa* fica formalmente fundado o 10 de novembro de 1908, baixo a denominación de *Juventud de Galicia*, que logo mudou pola de *Xuventude da Galiza-Centro Galego*, nome que ostenta na actualidade. Como os seus homólogos acabou por asumir fins recreativos e instructivos, anque xurdiu coa única aspiración de crear unha rondalla, orientación á que tampouco eran alleas algunhas das corporacións precursoras de América. Moito antes ca el, sen embargo, xa se tiña establecido outra institución de raíz galega en Lisboa que acadou grande notoriedade na súa dilatada permanencia; referímonos á *Asociación Galaica de Socorros Mutuos-Unión Fraternal de los Naturales de Galicia*, inaugurada o 7 de agosto de 1887.

Na área educativa, o labor dos Centros encamiñouse principalmente á apertura de aulas e á impartición de clases para alfabetizar ou prover duns mínimos rudimentos culturais, e tamén dalgunhas competencias preprofesionais ós mozos e adultos emigrados que carecían de instrucción. De todos eles, o da Habana foi, sen ningún xénero de dúbidas, o que deu froitos máis sazonados no campo do ensino, ampliando gradualmente a súa oferta escolar consonte ás demandas do seu corpo social e ós requirimentos do mercado laboral¹⁷. A acción mancomunada dos galegos no ámbito educativo en destino vai ter continuidade ata os nosos días. A última iniciativa de notable repercusión neste sentido, anque emerxente en período de aguda crise e en tempo xa tardío, está a sello *Colexio Santiago Apóstol* de Bos Aires que iniciou a súa andadura no ano 1998.

En síntese, como se pode colixir do exposto ata aquí, a intervención colectiva dos emigrantes galegos no eido educacional concretouse inicialmente nos lugares de destino, focalizándose cara o segmento de poboación trasterrada, que era o que requiría máis de contado unha atención escolar para abrirse camiño con menos atrancos no competitivo mercado de traballo das urbes americanas, onde como é sabido acabaron asentándose as grandes vagas do éxodo transoceánico procedentes de Europa.

Pero como xa adiantamos no seu momento, a acción colectiva dos galegos ausentes no sector escolar non rematou aquí nin ficou cinguida exclusivamente ós espazos de emprazamento da emigración. Dende o alborear do pasado século, comezaron a agromar na outra beira do Atlántico pequenas e aínda, de cando en vez, minúsculas agrupacións con finalidades instructivas, de cobertura parroquial, municipal ou comarcal, que compartían en común, por obxecto expreso e declarado, a tarefa de contribuir á

¹⁷ Para máis información, PEÑA SAAVEDRA, 1991: vol. I, 420-435 e PEÑA SAAVEDRA, 1999b.

difusión do ensino nas localidades que lles servían de referencia e ás que representaban simbolicamente alí onde fixaban a súa sede social¹⁸. Algúns anos despois, xa contra o remate da década auroral do século XX, abrollaron así mesmo as Sociedades provinciais, que acadaron moita menor proxección cas microterritoriais na Galicia interior. Polo que atinxe a estas últimas, podemos dicir que configuran unha terceira vía onde conflúen dous modelos de intervención que, con algunhas reservas, cabe considerar diverxentes: un deles individual e o outro colectivo. Aquel polarizado cara á metrópole e este, nos seus comezos, cara á Galicia emigrante. Coa aparición das Sociedades de Instrucción microterritoriais, os dous modelos fúndense nun novo e cristaliza a intervención escolar colectiva dos ausentes nas súas localidades de procedencia¹⁹.

Dende o ano 1904, en que se fundan as primeiras entidades coñecidas, ata 1936, en que se pode dar por pechado –con certa flexibilidade e obviando as excepcións– o proceso fundacional, arredor de 525 Sociedades de Instrucción –ou se cadra algunhas máis, porque o reconto das mesmas a estas alturas segue aberto– creáronse en América; o 90 por cento delas en Cuba e na Arxentina. Esta extraordinaria fecundidade societaria representa un dos fitos máis salientables na historia da Galicia emigrada²⁰. E, polo que ata agora sabemos, non atopa parangón noutras colectividades étnicas peninsulares ou continentais de longa e impetuosa tradición migratoria transoceánica. Sobre este tema, de calquera maneira, entendemos que se fai preciso e urxente un estudio comparativo de Galicia con outros pobos, estudio que por razóns de veciñanza xeográfica e de afinidades históricas debera principiar pola rexión norte de Portugal. Cómpre engadir, na mesma liña argumental anterior, que este desproporcionado minifundismo asociativo levou xa dende épocas temperás ós emigrados a buscar fórmulas de integración superadoras do mesmo. A máis común das ensaiadas, con resultados prácticos moi desiguais pero máis ben cativos na área do ensino, foi a da vía federativa, que se substanciou tamén a tres niveis: *microterritorial* ou local, *mesoterritorial* ou provincial e *macroterritorial* ou galaico.

A emigración galega intrapeninsular, e máis concretamente a asentada en Portugal, tampouco permeneceu á marxe deste movemento asociativo chegado da outra beira do Atlántico. E, neste sentido, temos constancia dalgunhas pequenas microcolectividades que apareceron ó longo do primeiro tercio do pasado século. Parte delas chegaron a adquirir formalmente corpo orgánico e outras mantivéronse no ámbito da sociabilidade xuridicamente non formalizada. Velaquí algúns nomes sen propósito ningún de exhaustividade, posto que o reconto completo, como xa indicamos, está aínda por facer: *Colonia de Ribadetea* (Ponteareas) con sede en Lisboa (existe en 1916), *Comité Agrario de Padrones* (Ponteareas) tamén radicado en Lisboa (existe en 1916), *Comité Auxiliar de la Sociedad de Agricultores de Areas* (Ponteareas) en Lisboa (existe en 1913), *Unión Agraria del Partido Judicial de Ponteareas en Lisboa* (existe en 1915), *Sociedad de Socorros Mutuos, Educación y Progreso Vidense* (Vide – As Neves) en Lisboa (1915), *Naturales de Porriño en*

¹⁸ Doutras dimensións interventoras destas mesmas entidades tense ocupado NÚÑEZ SEIXAS, 1998: 78 e ss.

¹⁹ Para un tratamento xeral da mesma, PEÑA SAAVEDRA, 1995.

²⁰ En 1999 iniciouse baixo a nosa dirección o desenvolvemento dun proxecto de investigación, no marco institucional do Consello de Cultura Galega, titulado *O asociacionismo galego no mundo* e orientado a levantar un censo exhaustivo das entidades de carácter étnico fundadas pola emigración galega ó longo da historia. Interrompido durante algún tempo, en datas recentes reanudouse a actividade no devandito proxecto, que unha vez concluído probablemente nos permitirá ofrecer cifras novas sobre o asunto. Tamén teñen feito un achega ó respecto nos últimos tempos SIXIREI, Carlos; CAMPOS, Xosé Ramón; FERNÁNDEZ, Enrique, 2001.

Lisboa (1907), *La Luz de los Tres Ribartemes* (As Neves) domiciliada en Lisboa (existe en 1917) e *Sociedad Pro Escuela Unión del Porvenir para Taborda y Piñeiro* (Tomíño, existe en 1922) con representacións en Cuba, Arxentina e Portugal. En suma, oito asociacións, varias delas con nidia orientación agrarista, que denotan cales eran as principais áreas de procedencia dos galegos radicados na capital deste país, durante as primeiras décadas do século XX, e patentizan o seu compromiso cos lugares de procedencia do continxente social do que se nutren.

Retomando a variante transoceánica, temos que engadir que a dinámica societaria dos emigrados que elixiron ese destino conseguiu un alto grao de difusión. Boa proba disto é que máis do 75% dos concellos galegos contaron con algunha destas institucións en América, se ben a súa actuación escolar non chegou a callar finalmente en todos eles, nin naqueles onde o fixo rexistrou os mesmos índices de logro e se materializou en semellantes ou equiparables producións.

Realizacións societarias no eido educativo: as escolas de americanos

Anque é verdade que as actuacións das Sociedades de Instrucción micro e mesoterritoriais nos lugares de orixe dos seus afiliados foron sectorialmente múltiples, institucionalmente diversas e territorialmente dispares, non é menos certo que estas asociacións no seu conxunto chegaron a ter sonda, ata posuír identidade corporativa de seu, maiormente polas súas contribucións na área do ensino. E estas atopan a súa expresión máis común e acabada nas coñecidas como *Escolas de Americanos*, locución que condensa de forma implícita no campo semántico que abrangue, non só o tipo de realización concreta da que se trata, senón tamén a orixe e o tempo que lle pertencen. Baixo esta denominación xenérica, que no seu día escollemos para deslindar as achegas escolares corporativas das individuais, incluímos os centros de ensino creados e financiados polas respectivas organizacións na Galicia interior. Estes establecementos docentes, nuns casos viñan cubri-las moitas eivas que presentaba a rede escolar pública no noroeste peninsular e noutros mesmo se erixían como unha alternativa renovadora fronte á maioría dos establecementos de ensino público e privado que daquela se mantiñan en activo. Tal e como preconizaban algunhas entidades a través das publicacións propias e dos medios de comunicación alleos que empregaban para difundir-las súas mensaxes, a aspiración cimeira que procuraban consistía en implantar unha nova escola na Galicia rural, a cal –expresado telegraficamente– se distinguira por:

- A súa orientación onda o futuro.
- A súa capacidade para formar novos cidadáns.
- A súa ensinanza realista, utilitaria e funcional.
- A súa potencialidade transformadora e rexeneradora.
- A súa inspiración nas modernas correntes pedagóxicas.
- O seu profesorado competente e cualificado; e
- O seu carácter tolerante, adogmático e alleo a todo tipo de sectarismo²¹.

En toda a xeografía galega, as Sociedades de Instrucción promoveron, subsidiaron ou sostiveron uns 235 colexios, con 336 aulas, que se instalaron nuns 186 edificios de

²¹ Cada un destes compoñentes programáticos é obxecto dunha análise documentada e detida en PEÑA SAAVEDRA, 1991: vol. I, 536-548. E tamén PEÑA SAAVEDRA, 1995: 17-38; PEÑA SAAVEDRA, 1995-1996: 321-328. A estes traballos remitimos ó lector interesado en profundar no tema.

nova construción ou remodelados e acondicionados para dar acubillo a tarefas docentes. Estes datos numéricos han de ser tomados aínda como provisionais, se ben somos da idea de que, despois das pescudas documentais e de campo desenvolvidas durante varios anos, as cifras anteriores non deben atoparse moi afastadas da realidade. De calquera maneira, haberá que agarda-lo remate dos estudos zonais xa emprendidos e outros que se acometan no futuro para poder dispoñer de cómputos definitivos ou máis precisos, se isto fose posible coas fontes empregadas.

O labor fundacional das Sociedades instructivas espallouse de maneira moi desigual polas catro provincias galegas, ostentando a condición de máximas beneficiarias A Coruña e Lugo, seguidas de Pontevedra, e correspondéndolle o derradeiro posto a Ourense. E a escala comarcal sobrancean os pobos da cornixa costeira que dende o noroeste se estende ata os lindeiros coa Comunidade asturiana (tramo A Coruña-Ribadeo), con prolongacións cara o interior de Lugo (Terra Cha, maiormente); as comarcas centrais de Galicia (Santiago, Deza e Tabeirós-Terra de Montes), e a área suroccidental de Pontevedra co Baixo Miño e os seus concellos fronteirizos.

A análise da tipoloxía destes centros académicos revela unha preferente decantación societaria polo ensino elemental. Houbo, non embargante, agrupacións que optaron por acoller ó alumnado que concluíra o seu ciclo de escolarización obrigatoria; outras prestaron os seus servizos ós rapaces que nunca tiveran sido escolarizados, e un terceiro grupo combinou a oferta do ensino primario coa formación preprofesional, especializada maiormente nos sectores mercantil e agrario, en previsión do futuro destino laboral que con toda probabilidade ían ter reservado os educandos.

Chegadas a este punto, convén matizar así e todo que a implantación das *Escolas de Americanos*, no canto de acomodarse a un esquema unitario –como se podería deducir do noso discurso anterior– adoptou tres variantes alternativas. De acordo coa primeira, a respectiva asociación facíase cargo integramente dos orzamentos, a administración, a supervisión e o control dos centros docentes auspiciados, que adquirirían a condición de colexios privados. Consonante á segunda, a entidade patrocinadora achegaba o capital necesario para custear as infraestructuras dos establecementos académicos, sendo competencia da Administración pública o nomeamento e a retribución do profesorado. E a teor da terceira, que resultaba a menos onerosa para os ausentes, as corporacións limitábanse a contribuír cunha partida económica variable á creación dun establecemento académico. No segundo e no terceiro supostos, as escolas pasaban a se converter en centros públicos. O poder financeiro das institucións, adoitado determinou a elección dunha ou outra fórmula, aínda que non sempre sucedeu así.

No elenco das prioridades que, explícita ou tacitamente, se marcaron as Sociedades de Instrución ó intervir na esfera escolar, despunta a de fornecer de aloxamento decoroso e idóneo ós seus colexios, sen dúbida como solución de contraste fronte ás numerosas carencias e penurias infraestructurais que –á marxe de contadas excepcións– amosaba o mapa do ensino público e privado na Galicia do seu tempo. Moitas corporacións ergueron casas-escola de nova planta. Outras, que polas súas estreitas económicas non foron capaces de acometer obras de nova factura, remodelaron inmobles xa existentes, acondicionándoos de xeito adecuado para o servizo que ían prestar.

Os prototipos arquitectónicos polos que optan, como aínda arestora acreditan os edificios que permanecen en pe, non son, sen embargo, uniformes, senón que presentan

unha variada gama estilística, aunque con elementos identificativos comúns que posibilitan a súa diferenciación doutras construcións e o recoñecemento neles da pegada inconfundible do emigrante transoceánico. Nun traballo de campo realizado hai xa algúns anos e do que fixemos públicos os resultados nun capítulo dunha obra editada en 1991, da que antes demos conta aquí²², chegamos a catalogar cinco modelos de arquitectura escolar que ían dende o máis modesto e estandarizado de nave única ou pavillón de planta baixa ata o máis monumental de varios módulos arrimados, con diversas alturas, deseñado por un técnico de sona e que –segundo os casos– se acomodaba ás directrices postuladas polas tendencias historicista, modernista, rexionalista ou academicista, cando non a eclécticas ou sincréticas pautas artísticas e constructivas. Polo demais, non era inusual que estes inmobles adquirisen unha funcionalidade polivalente, actuando de verdadeiros núcleos vertebradores, cohesivos, dinamizadores e expansivos da microcolectividade na que se asentaban, o que lles confería daquela un carácter a todas luces precursor e innovador.

En canto ó seu equipamento, tamén se percibe ou se intúe nas Sociedades unha vontade nidia de abastecelos de mobiliario e material didáctico abundante, moderno e decote pouco común nas escolas coetáneas, tan ateigadas de penuria de aveños. Malia as disparidades ben notorias que se evidencian entre uns e outros centros, aínda hoxe cando revisámo-los inventarios dalgúns colexios, examinamos as súas fotografías interiores de outrora ou témo-la sorte de acceder directamente a contemplar con emoción os seus fondos arqueolóxicos, non deixan de admirarnos e conmovernos aquelas vellas máquinas de escribir e de coser que como remesas simbólicas, artefactos de última xeración e ferramentas altamente utilitarias nos seus contextos estaban presentes en moitos establecementos, logo de cruza-lo charco no baúl dalgún veraneante ou na bagaxe dalgún retornado. E que dicir dos aparellos de proxeccións, dos gabinetes para o ensino das disciplinas experimentais, do instrumental agrícola e, en fin, das coleccións biblio-hemerográficas con destino non só ós matriculados, senón mesmamente –de cando en vez alomenos– a tódolos parroquianos.

Os planos de estudos das *Escolas de Americanos* contiñan tamén, pola súa parte, novidades merecentes de salientar, sen que esta apreciación poida ser xeneralizable a todas elas. Neste sentido obsérvase, como proposta curricular de desigual alcance, a presenza nos programas académicos dunha serie de materias que complementaban ou ampliaban a oferta de contidos da escola primaria oficial coetánea, como por exemplo: *Contabilidade e Teneduría de Libros, Nocións de Agricultura, Mecanografía, Instrucción Cívica* e, en determinadas ocasións, *Redacción de Cartas Comerciais e Familiares, Xeografía de América, Ximnasia sueca, Traballos manuais*, etc. Máis asombroso resulta o propósito, quizais nunca consumado, de impartir en máis dun centro *Xeografía e Historia de Galicia, Gramática e Lingua Galegas*, en tempos nos que a escola pública ficaba de costas á realidade máis inmediata por desentendemento dela, por desconsideración ou por imperativo legal, cando non polas tres razóns conxuntamente.

As Sociedades de Instrucción avogaban asemade polo emprego dunha metodoloxía cíclica, con procedementos prácticos e intuitivos para favorece-la participación activa dos educandos. E rexeitaban, na orde programática, o memorismo, a ensinanza libresca,

²² PEÑA SAAVEDRA, 1991: vol. II, 64-68.

repetitiva e verbalista, e a ausencia de estímulos motivadores no proceso educativo²³.

Para que todo isto chegase a facerse efectivo era indispensable contar cun profesorado competente e cualificado, pois o docente constituía a pedra angular do proceso educativo. Os mestres, ademais, terían que actuar como asesores pedagóxicos das respectivas entidades, promotores de novas iniciativas na esfera educacional e dinamizadores sociais e culturais alí onde exercesen a súa profesión. Certo que tales esixencias suplementarias, polo regular, levaban aparellada unha retribución salarial superior á que por termo medio percibían os que oficiaban no sector público.

No concernerne ó alumnado, os emigrantes outorgáronlle primacía práctica á escolarización dos varóns, sen dúbida por seren eles os convocados en primeira instancia a emprende-lo camiño do éxodo. Pero a medida que a muller vai adquirindo maior presenza na corrente migratoria²⁴, albíscase un cambio actitudinal que denota unha preocupación maior pola educación feminina e polo tipo específico de ensinanza que deberían recibi-las nenas.

Polo demais, o ingreso nestes centros académicos estaba con frecuencia aberto a tódolos suxeitos en idade escolar pertencentes á área territorial que abranguera cada institución. Cando os aspirantes superaban as cotas de admisión estipuladas, fixébase un principio de prelación que tiña en conta case sempre tres factores: a condición de socios dos familiares ausentes dos nenos, a escaseza de recursos económicos dos aspirantes a ingreso e a orfandade total ou parcial dos solicitantes. Comoqueira que fose, o certo é que a matrícula nestes establecementos parece que acadou magnitudes elevadas. Non obstante, como ocorría nas escolas nacionais, o absentismo académico tampouco lles resultou alleo ós colexios dos emigrantes. A regular asistencia tiña, así a todo, unha dobre compensación para cantos a practicasen, pois repercutía positivamente no rendemento académico e polo tanto na promoción de curso, grao ou nivel, e posibilitáballes amparo institucional ó concorrer ó mercado de traballo a aqueles que decidisen probar fortuna da outra banda do Atlántico, paraxe que como ben é sabido posuía un feitizo especial para todos ou case todos cantos se atopaban en idade moza.

Esta é, en apertada síntese, para o que a experiencia representa e comporta, a crónica impresionista, descontinua e zigzagueante dun dos capítulos máis fermosos que de seu rexistra a Historia da educación en Galicia. Un capítulo que ten como principais protagonistas ás xentes do común. Aquelas que nin tan sequera puideron exercer-lo dereito máis elemental de vivir e traballar na súa terra. Fóra dela, sen embargo, persuadíronse de que a realidade muda cando a vontade e o compromiso se fan presentes de forma efectiva. E dende a distancia soñaron e imaxinaron a Galicia nova que arelaban para o porvir. Un proxecto en común que asentaba os seus alicerces na educación da cidadanía. Unha iniciativa de raizame netamente popular con múltiples implicacións inmediatas e diferidas que contribuíu de forma decisiva á difusión do ensino elemental na nosa Comunidade e, canda a el, á introducción doutras variantes instructivas. Os que antes ou despois nos beneficiamos da xenerosidade dos ausentes, nunca llelo pagaremos dabondo. Se cadra, eles xa o sabían.

²³ PEÑA SAAVEDRA, 1991: vol I, 542-544 e vol. II, 105-110.

²⁴ Véxanse sobre a emigración da muller galega, CAGIAO, 1997; RODRÍGUEZ, FREIRE e PRADA, 1998.

BIBLIOGRAFÍA

- ALVES, Jorge Fernandes, 1992 – *Percursos de um Brasileiro no Porto – O Conde de Ferreira*. “Revista da Faculdade de Letras”, Porto, II Série, vol. IX, p. 199-213.
- ALVES, Jorge Fernandes, 1994 – *Os Brasileiros. Emigração e Retorno no Porto Oitocentista*, Porto, Edição do autor.
- ALVES, Jorge Fernandes, 1997 – *Peregrinos do traballo: perspectivas sobre a inmigración galega en Porto*. “Estudios Migratorios”, Santiago de Compostela, nº 4, decembro, p. 69-81.
- ALVES, Jorge Fernandes, 2001 – *Terra de esperanças – o Brasil na emigração portuguesa* en “Actas dos VII Cursos Internacionais de Verão de Cascais”, Cascais, Câmara Municipal de Cascais, vol. 3, p. 113-128.
- CAGIAO, Pilar, 1997 – *Muller e emigración*, Santiago de Compostela, Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia.
- CASTRILLO, Benito, 1926 – *El aporte de los ‘indianos’ a la instrucción pública, a la beneficencia y al progreso en general de España y su historia hecha en La Prensa de Buenos Aires*, Oviedo, Tip. Región.
- COSTA, Antón, 1989 – *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*, Santiago de Compostela, Servicio Central de Publicacións, Consellería da Presidencia e Administración Pública.
- EIRAS, Antonio e REY, Ofelia, 1992 – *Los gallegos y América*, Madrid, Mapfre.
- FELGUEIRAS, Margarida Louro, 2000 – *Os Brasileiros e a Instrução Popular* en “Os Brasileiros de Torna-Viagem no Noroeste de Portugal”, Lisboa, Comissão Nacional para as Comemorações dos Descobrimentos Portugueses, p. 271-307.
- FERRO RUIBAL, Xesús, 2000 – *Marchou don Manolo*. “O Correo Galego”, Santiago de Compostela, 7 de abril, p. 15.
- GABRIEL, Narciso de, 1985 – *Emigración y alfabetización en Galicia*. “Historia de la Educación”, Salamanca, nº 4, p. 321-336.
- GALLEGOS *en el mundo*, Santiago de Compostela, S. A. de Xestión do Plan Xacobeo 93, 1994.
- GALLEGOS *en Lisboa. La otra Galicia desconocida*. “El Correo Gallego”, Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2000.
- GUÍA *de Comunidades Galegas no mundo e doutras comunidades e países en Galicia*, Santiago de Compostela, Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia, edición revisada e actualizada 2001.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel, 1998 – *Emigrantes, Caciques e Indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 1991 – *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa da emigración transoceánica en Galicia*, Santiago de Compostela, Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia, 2 vols.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 1993 – *Siglo XVII: génesis de las fundaciones docentes de los indianos gallegos* en “Educación y europeísmo. De Vives a Comenio”, Málaga, S.E.D.H.E. - Universidad de Málaga, p. 297-309.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 1995 – *As Sociedades Galegas de Instrucción: proxecto educativo e realizacións escolares*. “Estudios Migratorios”, Santiago de Compostela, nº 1, decembro, p. 8-83.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 1995-1996 – *Cuatro siglos de intervención escolar de los gallegos de América en la Galicia escindida*. “Historia de la Educación”, Salamanca, nº 14-15, p. 301-332.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 1996 – *O patrimonio documental galego en Cuba. Fontes, fondos e liñas de traballo* en “Patrimonio cultural galego na emigración”, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, p. 109-141.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 1999 – *Indianos precursores de la filantropía docente en Galicia (1607-1699)*. “Revista de Indias”, Madrid, vol. LIX, nº 216, p. 375-389.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 1999a – *Los emigrantes transoceánicos como agentes de modernización educativa en el norte peninsular* en “La educación en España a examen (1898-1998)”, Zaragoza, Ministerio de Educación y Cultura - Instituto Fernando el Católico (C.S.I.C.) - Excma. Diputación de Zaragoza, p. 213-246.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 1999b – *Alfabetización, etnicidade e capacitación laboral. Configuración e desenvolvemento da oferta curricular do plantel de ensinanza do Centro Galego da Habana (1879-1900)* en “Gallegos en América e americanos en Galicia. As colectividades inmigrantes en América e a súa impronta na sociedade galega, séculos XIX-XX”, comp. Pilar Cagiao Vila, Santiago de Compostela, Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia, p. 139-161.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 2000 – *As Escolas de Americanos en Galicia: proxectos e realizacións na comarca de Ferrolterra*. “Catedra”, Pontevedra, nº 7, p. 217-273.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 2001 – *A intervención escolar dos emigrantes gallegos: testemuños coetáneos, historiografía recente e axenda de investigación* en “Un século de estudos gallegos. Galicia fóra de Galicia. Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos”, Trier, Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Trier - Edicións do Castro, p. 689-716.

- PEÑA SAAVEDRA, Vicente, 2002 – *As Escolas de Indianos en Galicia: iniciativas e realizacións na Mariña lucense* en “I Jornadas de Historia da Educación”, Foz, Universidade de Santiago de Compostela - Concello de Foz (en prensa).
- RODRÍGUEZ GALDO, M^a Xosé, 1993 – *Galicia, país de emigración*, Colombres, Archivo de Indianos.
- RODRÍGUEZ GALDO, M^a Xosé, 1995 – *O fluxo migratorio dos séculos XVIII ó XX*, Santiago de Compostela, Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia.
- RODRÍGUEZ GALDO, M^a Xosé; FREIRE ESPARÍS, Pilar; PRADA CASTRO, Ánxeles, 1998 – *Mulleres e emigración na historia contemporánea de Galicia, 1880-1930*. “Estudios Migratorios”, Santiago de Compostela, nº 6, p. 9-41.
- SIXIREI, Carlos; CAMPOS, Xosé Ramón; FERNÁNDEZ, Enrique, 2001 – *Asociacionismo galego no exterior*, Santiago de Compostela, Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia, 2 vols.
- SOTO PÉREZ, José Luis, 1998 – *A Real Congregación dos Naturais e Orixinarios do Reino de Galicia en México. Noticia histórica e breve escolma documental (1768-1842)*, Santiago de Compostela, Ponencia de Cultura Galega no Exterior do Consello da Cultura Galega.
- TERRÓN, Aida y MATO, Ángel (coords.), 1992 – *Un modelo escolar integrador y reformista: la Fundación Escuelas Selgas*, Oviedo, KRK ediciones - Departamento de Ciencias de la Educación de la Universidad de Oviedo.
- URÍA, Jorge, 1984 – *Los indianos y la instrucción pública en Asturias* en “Indianos”: Monografías de “Los Cuadernos del Norte”, Oviedo, nº 2, p. 102-119.
- VÁZQUEZ, Horacio Guillermo, 2000 – *Boja la Cruz de Santiago: documentos coloniales inéditos sobre la Congregación Santiaguista de Buenos Aires “primera institución gallega del cono sur” y su influencia en la emancipación argentina*, Santiago de Compostela, S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Xunta de Galicia.

APÉNDICE

Breve escolma de CHAMAMENTOS, LOANZAS, XUÍZOS E ALENTOS

“No hay ejemplo en la historia de las emigraciones, más hermoso que el que ofrecen los gallegos emigrados en América que han entendido el patriotismo y el amor a la región de muy distinta manera, que lo entienden los que en ella viven, los políticos españoles y caciques, que no se ocupan de mejorar las condiciones morales e intelectuales del pueblo gallego.

El entusiasmo de los gallegos en América, por la difusión de la cultura en el país de su nacimiento, va cada día en aumento para fundar escuelas, poniendo en movimiento el espíritu colectivo de la asociación, procurando suplir las deficiencias de un gobierno de políticos sin patriotismo, que desconocen el deber que tiene todo gobierno de dar el pan de la inteligencia a sus gobernados.

[...]

La labor cultural de los gallegos en Cuba, es santa y sublime, patriótica y altruista, y merece toda clase de aplausos y vítores; llevando la luz de la inteligencia a sus hermanos, que olvidados y maltratados por un gobierno de oligarcas, viven a semejanza de parias, en el suelo de la patria sin la instrucción necesaria para la vida ciudadana”.

Constantino Horta, *Cultura y Regionalismo*, “Vivero en Cuba”, La Habana, nº 6-7, abril-mayo de 1912, p. 25.

“Nos tempos de nosos abós e hastra de nosos país, oyo contar que os nenos eran considerados coma fulastríños qu’había que criar porque Diol-os daba. Cando se fixo a nosa escola de Rubín, conta o mayestro qu’hoxe temos que viu el xente que s’admiraba vendo facer un edeficio tan bo ¡pra meter os rapaces dentro!

A iste cambeo de cousas, a forza hai que recoñecer que contrebuiéron grandemente os emigrantes: pirmeiro facendo esas maníficas casas-escola que se erguen maxestuosas veira das carreteras, veira das calzadas, veira das rías ridentes e hastra no meyo das montañas; dempoixas doutando de material axeitado a esas mesmas escolas, e por último orgaizando

estas festas escolares, estas festas da niñés nas que nos medra o corpo e a alma.

Por iso, meus compañeiríños, o noso agradecemento pra eses compatriotas nosos que traballan na emigración sin esquecerse da terra e de nós, debe ser moi grande e moi fondo. Debe encher de satisfacción e de ledicia total-as nosas almas, o ver que de total'as partes do mundo, onde ouvese un veciño noso, d'alí nos veu un recordo de cariño, unha vos d'alento que debemos ter en conta, hoxe pr'á fonda estima e mañan, cando chegue o noso caso pra facel-o mesmo, ou mais si é que podemos”.

Da festa escolar dos Pereiriños. Discurso lido pol-o neno Manuel Novo Fondevila da escola nacional de Rubín. “El Emigrado”, nº 97, 16 de xullo de 1923.

“El ejército de emigrados, que luchan en todos los órdenes de la vida moderna en la joven República de Cuba y en otras hispano-americanas, sin olvidar el terruño de sus amores y afectos, procuran, por medio de las asociaciones allá constituidas, arbitrar recursos para implantar por estas aldeas escuelas, dotándolas de profesores escogidos y suficiente y adecuado material de enseñanza, a fin de elevar a un plano superior el nivel de cultura de sus hermanos, con la que puedan (los desheredados de la fortuna) llevar a otros países sus energías, para desarrollar sus actividades y luchar con ventaja en las lides emigratorias, lo que no pudo hacerse hasta lo presente, por salir de estas aldeas sin preparación de ninguna clase —analfabetos en su mayoría— por falta de una acción eficaz de parte de las autoridades que debieran imponer con todo rigor, la enseñanza obligatoria.

[...]

No desmayeis, seguid, que el analfabetismo desaparece y la redención del pueblo gallego se acerca por momentos y a paso de gigante”.

Pedro Pajón Prieto, *Labor cultural*, “La Voz de Ortigueira”, nº 295, 14 de enero de 1922.

“Ahora bien; cuando a este asunto se dedica una firme atención, de notar es al momento el contraste, violento por lo encontrado, que existe entre las escuelas que se llaman nacionales, o sea, las que sostiene el Estado, en locales que son verdaderos antros, covachas de paredes negras, desnudas y carcomidas, donde hacinada y en bancos sucios y escasos, está la infancia que es luz y es alegría, y las otras escuelas que las sociedades de instrucción levantan en locales amplios y blancos, entre el regalo de las arboledas llenas de sombra y encanto, como la gentil promesa de cercana dicha, y, entonces, pensamos que las coronas cívicas de laurel y roble que los antiguos romanos dedicaban a los triunfadores, bien las merecen estos gallegos que en la inmigración preparan el radioso porvenir de la lejana patria”.

Mercedes Vieito de López, *De la acción cultural*, “Eco de Galicia”, La Habana, nº 185, 18 de febrero de 1923.

“[...] Os gallegos emigrados, queren, ante todo, que as escolas que eles pagan sejan escolas para emigrantes. Hai escolas destas na nosa terra, nas que os rapaciños adempren-den geografía de América, e nengunha apenas de España e Galicia; nas que adempren-den también mecanografía, mas non cousas agrícolas ou relacionadas con as industrias gallegas.

Esta clase de educación e instrucción é, pol-o general, a que ven imponéndose nas nosas aldeas. Educación e instrucción que fai dos nosos nenos seres cubizosos de abandonar a patria, de desprezar a terra, de sentiren desleigamento pol-a agricultura e por todas as cousas do campo”.

Un grave problema. As escolas antigallegas. “A Nosa Terra”, nº 67-68, 30 de setembro de 1918, p. 5.

“A mi me criticaron los pedagogos de Madrid que estas escuelas de emigrantes tenían

un carácter determinista, de preparación para la vida comercial. No se educan éstos para sostener torneos literarios en mesa del café, sino que han de abrirse camino luchando en competencia desigual con otros hombres más preparados, y repitiendo la frase de un orador nuestro, les decía: 'Al águila que vais a encerrar en la jaula de un Museo podeis limarle las uñas y cortarle las alas (como a vuestros estudiantes), pero a la que ha de procurar con su esfuerzo la vida de sus hijos, no le arranqueis ni una sola pluma rectriz' “.

Benito Castrillo Sagredo, *El aporte de los indianos a la instrucción pública, a la beneficencia y al progreso en general de España y su historia hecha en La Prensa de Buenos Aires*, Oviedo, Tip. Región, 1926, p. 10.

“[...] casi todas las escuelas fundadas en Galicia con el apoyo de los emigrados, adolecen de un grave defecto que es urgente corregir, pues su misión resulta un tanto negativa. Se educa en esas escuelas con un marcado propósito a preparar hombres para la emigración, en vez de orientar sus inclinaciones hacia las actividades de la agricultura, de la ganadería o a las del mar, de cuyo producto ha de renacer el progreso y la riqueza que se pretende buscar en otros países.

Preparar hombres para el mostrador, encaminándolos a ser futuros comerciantes o eternos empleados en América, nos parece una iniquidad y un desprecio a Galicia, ya que de esa manera se fomenta en una forma directa la inclinación de los jóvenes gallegos a emigrar. Nos parece una mal llamada protección escolar esa que se pregona, y en la que está ausente el propósito que tienda a educar a los niños haciendo despertar en sus cerebros el amor a la tierra, al trabajo y a los oficios que tienen relación con esas nobles actividades sin cuya educación no se puede pensar en la Galicia progresista del porvenir”.

Temas del agro gallego. Escuela y emigración, “Céltiga” (Buenos Aires), nº 81, 10 de maio de 1928.

“A aición dos emigrados na educación do povo galego en xeral, e en particular do neno galego, de cuio porvir é perciso termare, se quer darlle á sociedade homes cultos e capaces d'erguere a grandeza d'ise mesmo povo, pode ser moi eficaz e de froitos axiñosos sempre que se seiba buscarlle unha orientazón fixa e váiase con seguridade deica ise fin. Sempre tivemos pensado que a idea de costruir casas novas ás sociedades, era un grave erro e unha tarefa superior ós seus recursos. Tratándose na maioría dos casos de sociedades pequenas no número, non pode haber cartos que cheguen, xa non para instalare unha escola por homilde que seña, senón para escomenzar siquer isa obra[...]. Tampouco colle pensare, por moito optimismo que haxa, en poder imprantar escolas particulares en número d'abondo para suplil-as do Estado. O máis que se pode facer, e ista é nosa idea dende fai algúns anos, é crear e soster pol-os emigrados unha escola en cada un Concello, que fose ampliación de conecimentos para o neno, e que este poidera adquirir alí as nociós percisas á vida da campía, sin desbotar outros conecimentos que lle fosen útis si desexaba adicárese a outras aitividás. Poderían ademais isas escolas ser iniciadoras de homes d'oficio, dando ensinós teóricos-prácticos ós alunos d'esas profesións de labore de que anda tan fallo o campo galego”.

Froitos da Asambleta de Lugo. Falan das escolas os galegos emigrantes, “A Nosa Terra”, nº 85-86, 15 de abril de 1919, p. 9.

“Os galegos da América sosteñen escolas, é certo. A elas concurren rapaciños galegos, n'elas reciben educaazón, n'elas amóstraselles o que é bo e o que é ruín, o qu'han de querer e o que non han querer, n'elas enséñaselles a xeografía, a gramática, a historia, pero de todos estos ensinós está ausente o espírito galego. A escola particular pagada

pol-os americanos tén idéntica orientazón, igual ritmo espiritual qu'a escola 'pagada' pol-o Estado da que é unha autiva colaboradora nas súas tarefas antigalegas.

[...]

¡Escolas sosteñidas en Galiza pol-o diñeiro da América, escolas tan enemigas da Terra como as sostidas pol-o Estado Español, tédes que modificar os vosos estatutos, tedes que remozar o voso esprito si queredes ser algo fecundo e creador. Cada unha de vos pódese ser un baluarte de galeguismo, cada unha de vos pode erguerse a carón da escola españolista como unha afirmación da vontade de Galiza de sér e de permanecer, cada unha de vos pode sér un viveiro de bós galegos, que no día de mañá dén gloria á súa patria escribindo no seu idioma, edificando no seu estilo peculiar, fomentando as súas riquezas, facendo as súas leises, cantando as súas gabanzas!”

Xan de Pazos – *Algunhas refreusíus ós galegos da América*, “A Fouce”, Bos Aires, nº 3, xunio do 1926.

“Hasta hace bien poco tiempo el campo gallego no contaba con otro centro educativo que la escuela nacional. Ya hemos visto que las escuelas nacionales no cumplen en el campo su verdadera misión; aparte el desastroso plan de estudios, hay pocas escuelas y están miserablemente instaladas y avaramente dotadas, y como el campesino no puede sostener centros de enseñanzas especializadas, sobre el agro gallego pesaba la condena de vivir cara al pasado porque nadie le enseñaba a mirar al progreso. Por fortuna los emigrados gallegos tuvieron el arranque generoso de iniciar esas beneméritas Sociedades de Instrucción; nosotros sentimos por los emigrados afectos muy hondos porque la obra cultural que en nuestras aldeas están haciendo es acreedora a la alabanza de los que por amor al agro deseamos verlo redimido de ese rutinarismo absurdo impuesto por la ignorancia”.

Leandro Pita Sánchez-Boado, *El agro gallego*, Santa Marta de Ortigueira, 1922, p. 194 (obra inédita).

“Las escuelas creadas y sostenidas en Galicia por los emigrados constituyen el más bello ejemplo de la aportación ciudadana al progreso de la Tierra y a los fines del Estado. Siempre nuestro fervor y nuestro aplauso para esa gran obra patriótica.

Pero el cariño que a todo buen gallego debe inspirar esta labor nos obliga a decir que el criterio docente de los emigrados sufre una profunda equivocación. Los emigrados sostienen solamente escuelas primarias. La mayoría de nuestros emigrados marchaban analfabetos y la vida implacable les enseñó las trágicas angustias de la ignorancia, y de ahí la creación de escuelas para que sus conterráneos no sufriesen la incertidumbre sombría, las vergüenzas y las amenazas de su inferioridad cultural.

Ahora en cambio, el problema es muy distinto. [...]// El actual problema docente gallego es de enseñanza técnica, de especialización profesional. En ese orden sí que nada hace el Estado, y por eso es en donde la iniciativa privada debe suplir la ineficacia de la función pública.

Galicia necesita con urgencia escuelas agrícolas y de pesca, escuelas de comercio marítimo, de químicos industriales, de manufacturas, de agronomía, de bellas artes, una escuela de turismo, etc., para hacer los hombres que obren el milagro de nuestro engrandecimiento”.

La enseñanza en Galicia, “Eco de Galicia”, nº 345, 1 de enero de 1929, p. 22.